

<p align="center">

<p align="center">

Os empresarios cren que a Administración baralla non facer nada para impor o seu Plan de Transporte Público a pesar de non contar con ningún apoio</p>

Desacougo no sector pola par´lise da Xunta ante o desastre da folga do transporte</h2>

<p style="margin-left: 35.7pt;">

· </p>

<p style="margin-left: 35.7pt:">

 A incidencia do paro foi hoxe incluso maior que o dáa anterior

<p>

<p>

Santiago (21-06-17). A tibia resposta da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no primeiro día de folga no transporte de viaxeiros por estrada, cunha nota de prensa na que se limitou a pedir que se atenderan os servizos mínimos e facer unha chamada ao diálogo pero sen que conste sequer que se molestara en contactar con empresarios e traballadores, deixou un notable desasosiego no sector, que hoxe comprobou de novo que a incidencia do paro, como onte, foi igualmente masiva.

<p>

As federacións Anetra, Fegab e Transgacar seguen esperando unha reacción da Administración para frear a folga e non esconden a súa impaciencia porque a Xunta se decida canto antes a volver a sentar as partes e retomar o debate sobre a imprescindible paralización e reformulación do seu novo Plan de Transporte Público. Pero en realidade empeza a estenderse no sector a convicción de que a conselleira baralla non facer nada e impor unha vez máis o seu proxecto a pesar de que non conte con ningún apoio, nin das empresas, nin dos traballadores, nin das Anpas.

<p>

O balance da folga non pode ser máis desastroso, cun impacto igual ou superior ao de antes e intervencións duns piquetes que con carácter xeral están a impedir as empresas atender os servizos mínimos, salvo parcialmente na área de Vigo, onde algunhas compañías si puideron cumprilos.

<p>